



A Mesa do Parlamento aproba o proxecto de Orzamento da Cámara para 2012 cunha redución do 1% respecto ao deste ano

- Redúcense practicamente todos os capítulos, agás o de investimentos, que rexistra un lixeiro crecemento para poder afrontar a renovación dos equipamentos informáticos
- A presidenta do Parlamento non descarta implantar novos recortes durante o exercicio

Santiago, 17 de outubro de 2011.- A Mesa do Parlamento de Galicia aprobou esta mañá o proxecto de Orzamento do Parlamento de Galicia para o ano 2012, que, no seu conxunto, rexistra un recorte do 1% respecto ao actual exercicio e se sitúa nos mesmos niveis que o de 2006.

Practicamente todos os capítulos do proxecto de orzamento do Parlamento de Galicia para 2012 rexistran caídas, agás o de investimentos, que presenta un lixeiro incremento para facer fronte ás actuacións previstas no plan director das tecnoloxías da información.

Pilar Rojo non descarta novos recortes

Con todo, a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, non descarta efectuar novos recortes orzamentarios no que resta de exercicio de 2011 e durante o ano 2012.

O presuposto agregado do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo sumará un total de 19.449.351 euros para o exercicio de 2012, dos que 17.421.406 euros corresponden á Cámara autonómica.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia